

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE

10326 *Real decreto 702/2013, do 20 de setembro, polo que se modifica o Real decreto 183/2004, do 30 de xaneiro, polo que se regula a tarxeta sanitaria individual.*

A tarxeta sanitaria individual defínese, no artigo 57 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, como un documento administrativo que acredita determinados datos do seu titular e facilita o acceso dos cidadáns ás prestacións do Sistema nacional de saúde. A mesma lei establece que, sen prexuízo da súa xestión polas comunidades autónomas e polo Instituto Nacional de Xestión Sanitaria, nos seus respectivos ámbitos territoriais, as tarxetas incluírán, de maneira normalizada, os datos básicos de identificación do titular da tarxeta, do dereito que o asiste en relación coa prestación farmacéutica e do servizo de saúde ou entidade responsable da asistencia sanitaria. Así mesmo, prevese que os dispositivos que as tarxetas incorporen para almacenar a información básica e as aplicacións que a traten deberán permitir que a lectura e a comprobación dos datos sexan tecnicamente posibles en todo o territorio do Estado.

Por outra parte, a mesma Lei 16/2003, do 28 de maio, encomenda ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade a xeración dun código de identificación persoal único para o Sistema nacional de saúde, mediante o desenvolvemento dunha base de datos que recolla a información básica dos usuarios do Sistema nacional de saúde, de tal maneira que os servizos de saúde dispoñan dun intercambio de información sobre a poboación protexida, mantido e actualizado polos propios integrantes do sistema. Deste modo posibilitase o cumprimento do artigo 4.c) da citada lei, que establece que os cidadáns teñen dereito a recibir do servizo de saúde da comunidade autónoma en que se encontren desprazados a asistencia sanitaria do catálogo de prestacións do Sistema nacional de saúde que poidan requirir, nas mesmas condicións e idénticas garantías que os cidadáns residentes nesa comunidade autónoma.

Para dar cumprimento ás previsións da Lei 16/2003, do 28 de maio, promulgouse o Real decreto 183/2004, do 30 de xaneiro, polo que se regula a tarxeta sanitaria individual, que recolle a necesaria normalización dos datos básicos e a dispoñibilidade da lectura, en todo o territorio do Estado, dos dispositivos que incorporen as tarxetas para almacenar a información. Así mesmo, desenvolve a creación da base de datos de poboación protexida polo Sistema nacional de saúde e o proceso de asignación e características do Código de identificación persoal do Sistema nacional de saúde (en diante, CIP-SNS).

Pola súa parte, o Real decreto lei 9/2011, do 19 de agosto, de medidas para a mellora da calidade e cohesión do Sistema nacional de saúde, de contribución á consolidación fiscal e de elevación do importe máximo dos avais do Estado para 2011, recolle, no seu artigo 5, en relación coa tarxeta sanitaria individual que, co fin de articular de forma homoxénea as previsións do artigo 57 da Lei 16/2003, do 28 de maio, o Goberno, en coordinación coas administracións sanitarias, establecerá o formato único e común de tarxeta sanitaria válido para todo o Sistema nacional de saúde. Co fin de desenvolver o disposto polo Real decreto lei 9/2011, do 19 de agosto, o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, na súa reunión do 29 de febreiro de 2012, aprobou o proxecto de formato único e común de tarxeta sanitaria individual válido para todo o Sistema nacional de saúde.

Na tramitación desta norma foron consultados e emitiron informe as comunidades autónomas, o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde e o seu comité consultivo. Igualmente, foi sometida ao informe previo da Axencia Española de Protección de Datos.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de setembro de 2013,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 183/2004, do 30 de xaneiro, polo que se regula a tarxeta sanitaria individual.*

O Real decreto 183/2004, do 30 de xaneiro, polo que se regula a tarxeta sanitaria individual, queda modificado como segue:

Un. O artigo 3 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 3. *Datos básicos comúns e especificacións técnicas da tarxeta sanitaria individual.*

1. Co obxecto de dispor de datos normalizados de cada persoa, na súa condición de usuaria do Sistema nacional de saúde, independentemente do título polo cal accede ao dereito á asistencia sanitaria e da Administración sanitaria emisora, todas as tarxetas sanitarias incorporarán unha serie de datos básicos comúns e estarán vinculadas a un código de identificación persoal único para cada cidadán no Sistema nacional de saúde.

2. Os datos básicos que se incluírán no anverso da tarxeta sanitaria son:

- a) Identidade institucional da comunidade autónoma ou entidade que a emite.
- b) Os rótulos de «Sistema Nacional de Saúde de España» e «Tarxeta Sanitaria».
- c) Código de identificación persoal asignado pola Administración sanitaria emisora da tarxeta (CIP-AUT).
- d) Nome e apelidos do titular da tarxeta.
- e) Código de identificación persoal único do Sistema nacional de saúde (CIP-SNS).
- f) Código de identificación da Administración sanitaria emisora da tarxeta.

3. Nos supostos en que así o autorice a lei, atendidas as necesidades de xestión das diferentes administracións sanitarias emisoras, poderanse incorporar, ademais, á tarxeta sanitaria o número do documento nacional de identidade do seu titular ou, no caso de estranxeiros, o número de identidade de estranxeiros, o número da Seguridade Social, a data de caducidade da tarxeta para determinados colectivos ou o número de teléfono de atención de urxencias sanitarias, todos eles en formato normalizado. Igualmente, poderase incluír unha fotografía do titular da tarxeta sanitaria.

4. Por instancia de parte ou de oficio naquelas administracións sanitarias que así o prevexan na súa normativa, no ángulo inferior dereito da tarxeta sanitaria gravaranse en braille os caracteres das iniciais de tarxeta sanitaria individual (TSI).

5. O Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, de acordo coas comunidades autónomas e demais administracións públicas competentes, establecerá os requisitos e os estándares necesarios sobre os dispositivos que as tarxetas incorporen para almacenar a información básica, e as aplicacións que as traten deberán permitir que a lectura e a comprobación dos datos sexan tecnicamente posibles en todo o territorio do Estado.

6. As características específicas, os datos normalizados e a estrutura da banda magnética da tarxeta sanitaria individual adaptaranse ás especificacións que figuran no anexo.»

Dous. Modifícase o artigo 8, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 8. *Colectivos asegurados a través de réximes especiais.*

A cada titular e beneficiario asegurado a través de réximes especiais seralle expedida unha tarxeta sanitaria, coas adecuacións derivadas das características destes réximes de aseguramento, con soporte informático, coas características básicas que se definen neste real decreto, incluída a asignación dun código de identificación persoal do Sistema nacional de saúde. Os datos da dita tarxeta sanitaria incorporaranse ao sistema de intercambio de información que proporciona a base de datos de poboación protexida do Sistema nacional de saúde.»

Tres. Incorpórase un anexo coa seguinte redacción:

ANEXO

1. Anverso

Modelo sen fotografía

SISTEMA NACIONAL DE SAÚDE DE ESPAÑA Tarxeta Sanitaria			
Imaxe institucional			
BGKX004499816015			
98979695R	58/687524/56	02/16	999 999 999
NOME APELIDO PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO			
BBBBBBBBQR648597	807024000122	TSI Braille	

Modelo con fotografía

SISTEMA NACIONAL DE SAÚDE DE ESPAÑA Tarxeta Sanitaria			
Fotografía	Imaxe institucional		
BGKX004499816015			
98979695R	58/687524/56	02/16	999 999 999
NOME APELIDO PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO			
BBBBBBBBQR648597	807024000122	TSI Braille	

Descrición:

Ángulo superior esquerdo: imaxe institucional da Administración sanitaria emisora ou fotografía do titular da tarxeta sanitaria.

Franxa superior ou universal:

1.^a liña (á dereita): SISTEMA NACIONAL DE SAÚDE DE ESPAÑA (Arial Narrow, 9 pt, negra). Rótulo.

2.^a liña (á dereita): Tarxeta Sanitaria (TNRoman, 10 pt, negra). Rótulo.

Franxa media:

Entre a segunda liña da franxa superior e a primeira liña da franxa inferior incluírase a imaxe institucional da Administración sanitaria emisora da tarxeta no caso de que no ángulo superior esquerdo se sitúe a fotografía do titular.

Franxa inferior

1.^a liña: BGKX004499816015 (TNRoman, 11 pt, negra).

(Código de identificación persoal asignado pola Administración sanitaria que emite a tarxeta)

2.^a liña: adicionais

DNI/NIE	Núm. SS	Data caducidade	Teléfono urxencias
98979695R	58/68752834/56	02/16	999 999 999

(TNRoman, 9 pt, normal)

- Formato DNI: oito díxitos e letra de control.
- Formato NIE: letra inicial, sete díxitos e letra final de control.
- Formato número Seguridade Social: doce díxitos, dous de provincia, oito de orde e dous de control.
- Formato data de caducidade: mm/aa.
- Formato teléfono: máximo nove díxitos.

3.^a liña: NOME APELIDO PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO

(TNRoman, 9 pt, negra).

(Até 40 caracteres, se ten máis, o punto de truncamento sería o último carácter. De seren necesarios máis caracteres minorarase o tipo de letra respectando, en todo caso, a inclusión dos datos nunha única liña).

CIPSNS CITE TSI

4.^a liña: BBBBBBBBQR648597 80724000122 Braille

(Ambos os códigos NTRoman, 9 pt, negra) (se procede).

CIPSNS: 16 caracteres alfanuméricos.

CITE (código Administración sanitaria emisora da tarxeta): once díxitos (segundo a norma UNE- EN 1387:1997) na seguinte orde:

- 2 díxitos: área de actividade (80).
- 3 díxitos: código país norma ISO 3166.
- 5 díxitos: código da entidade que emite a tarxeta.
- 1 díxito de control.

Ángulo inferior dereito: por instancia de parte ou de oficio naquelas administracións sanitarias que así o prevexan na súa normativa, gravaranse en braille os caracteres das iniciais de tarxeta sanitaria individual, seguindo a norma UNE-EN 1332.1:2010, na súa parte 5 de marzo de 2006.

2. Reverso:

Banda magnética con tres pistas:

Pista 1 alfanumérica:

- CIP-xx asignado pola Administración sanitaria emisora da tarxeta.
- CIP-SNS único asignado polo Sistema nacional de saúde.
- Código da Administración sanitaria emisora (dous díxitos, o software de lectura converterá este código ao CITE que figura no anverso da tarxeta).
- Nome e apelidos do titular.

Pista 2 numérica: libre.

Pista 3 regravable.

3. Características específicas:

Tamaño da tarxeta: ID1 seguindo os estándares ISO 7810 de 1985.

Se a tarxeta incorpora chip, a súa colocación aterase á norma UNE-EN 1387:1997.

Banda magnética, de alta coercitividade, de lectura-escritura, con tres pistas, norma ISO 7811 de 1985.

Disposición adicional única. *Substitución de tarxetas sanitarias individuais.*

O proceso de substitución das actuais tarxetas levarase a cabo de forma progresiva, con motivo da súa renovación por calquera causa ou de novas emisións, e deberá estar finalizado antes de cinco anos contados a partir da entrada en vigor deste real decreto, sempre que as dispoñibilidades orzamentarias das diferentes administracións públicas competentes o permitan.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de setembro de 2013.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade,
ANA MATO ADROVER